

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

12748 *Real decreto 1298/2009, do 31 de xullo, polo que se modifica o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, e o Regulamento de mutualidades de previsión social, aprobado polo Real decreto 1430/2002, do 27 de decembro.*

No marco dos obxectivos da Estratexia renovada de Lisboa para o crecemento e o emprego, o Consello de Ministros, na súa reunión do 20 de xuño de 2008, adoptou o acordo sobre o desenvolvemento do Plan de redución de cargas administrativas e a mellora da regulación, que introduciu medidas dirixidas a reducir a carga administrativa que soportan as empresas. Este plan contén un conxunto de propostas de simplificación de procedementos para poñer en práctica a finais de 2009. O Consello de Ministros, anticipándose a esa data, aprobou o 27 de xuño de 2008 un primeiro conxunto de medidas de redución de cargas administrativas.

Como continuación deste primeiro acordo, o Consello de Ministros adoptou outro, con data do 14 de agosto de 2008, polo que se aproban medidas a curto prazo para reducir cargas administrativas. Tales medidas afectan procedementos cuxos responsables son distintos departamentos ministeriais, entre eles, o Ministerio de Economía e Facenda e, dentro deste, procedementos da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Con esa finalidade de simplificación de procedementos, este real decreto leva a cabo modificacións en distintos artigos do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro. En concreto, en canto á redución do prazo para a resolución de consultas polo ministro de Economía e Facenda sobre o carácter asegurador ou non de determinadas operacións; o réxime de comunicacións á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións en relación coa modificación da documentación achegada para o outorgamento da autorización administrativa de acceso á actividade; a supresión da obriga de presentar anualmente información detallada acerca da execución do programa de actividades; a supresión da necesidade de orde ministerial para o inicio do período de información pública para autorizar operacións societarias entre entidades aseguradoras; a redución de trámites en relación coa acreditación de presentación de escrituras públicas no Rexistro Mercantil; e a ampliación da periodicidade da remisión da memoria sobre a marcha da liquidación, as desviacións observadas e as medidas correctoras que adoptar.

Por outra banda, este real decreto modifica o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados co obxecto de introducir un réxime específico de información previa aos asegurados en materia de seguros de decesos.

Considerados no seu conxunto, os seguros do sector de decesos caracterízanse por ter logrado unha gran difusión social e pola utilización de distintas fórmulas de aseguramento da continxencia de falecemento, con modelos de comercialización característicos do sector. Esta situación de madurez do sector, unida á aparición de novos produtos e modalidades de aseguramento en que o nivel de información transmitida pola aseguradora ao asegurado se converte nun factor crítico e relevante á hora de valorar o grao de cumprimento da obrigada transparencia no ámbito dos contratos de seguros, leva á conclusión de que resulta necesario propor certas modificacións normativas para, con iso, establecer unhas novas bases en materia de transparencia que posibiliten continuar co elevado nivel de desenvolvemento do sector no seu conxunto.

Estas modificacións lévanse a cabo mediante a creación dun novo artigo 105.bis no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Así mesmo, o real decreto dá nova redacción ao artigo 13.2 do Regulamento de mutualidades de previsión social, aprobado polo Real decreto 1439/2002, do 27 de

decembro, co obxecto de simplificar o réxime de comunicacións á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións en relación coa modificación da documentación achegada para o outorgamento da autorización administrativa de acceso á actividade, e en liña coa modificación proposta no artigo 5 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

A disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, habilita o Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda e logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, a desenvolver a lei nas materias que se atribúen expresamente á potestade regulamentaria así como, en xeral, en todas aquelas susceptibles de desenvolvemento regulamentario en que sexa preciso para a súa correcta execución, mediante a aprobación do seu regulamento e das modificacións posteriores deste que sexan necesarias.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de xullo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.*

O Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O número 3 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«3. As dúbidas que poidan xurdir sobre a cualificación dunha operación, para efectos do seu sometemento á Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados e a este regulamento, serán resoltas en vía administrativa polo ministro de Economía e Facenda. Cando a dúbida se refira a se a operación forma parte da Seguranza Social obrigatoria, solicitarase informe previo do ministerio competente por razón da materia.

Para estes efectos, as entidades aseguradoras e calquera persoa que acredite ser titular dun interese lexítimo poderán formular consultas mediante escrito dirixido á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións en que, con relación á cuestión proposta, se expresarán con claridade e con extensión necesaria os antecedentes e as circunstancias do caso, o obxecto da consulta e os demais datos, elementos e documentos que poidan contribuír á formación de xuízo por parte da Administración. En tal escrito farase constar o nome, apelidos, denominación ou razón social, domicilio do interesado e, de ser o caso, da persoa que o represente, así como o lugar, data e sinatura daqueles.

Se o escrito de consulta non reunise os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos necesarios, con indicación de que, se así non o fixer, o seu escrito será arquivado sen máis trámite. En caso de resultar axustada a consulta a tales requisitos ou emendadas en tempo e forma as deficiencias advertidas, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións remitiralle as actuacións, coa súa proposta de resolución, ao ministro de Economía e Facenda.

Na contestación, o órgano competente non estará obrigado a aplicar os criterios manifestados en contestacións a consultas similares emitidas con anterioridade, ben que se deberá motivar o cambio de criterio.

A contestación notificaráselle ao interesado no prazo máximo de sesenta días hábiles, contados a partir da recepción da consulta na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, de ser o caso, da emenda das deficiencias advertidas e contra ela, no seu carácter de mera información e non de acto administrativo, non

se poderá interpor ningún recurso, sen prexuízo de que se poidan impugnar o acto ou actos administrativos ditados de acordo cos criterios manifestados nela.»

Dous. O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«1. As modificacións da documentación que servise de base para o outorgamento da autorización administrativa de acceso á actividade aseguradora notificaranse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e remitirase, de ser o caso, certificación íntegra dos acordos dos órganos sociais competentes, dentro dos dez días seguintes ao da aprobación da acta correspondente.

Porén, no suposto de modificación da relación de socios a que fai referencia o artigo 4 deste regulamento, o disposto no parágrafo anterior soamente será aplicable cando as participacións teñan a cualificación de significativas ou cando, sen teren tal cualificación, sexan iguais ou superiores ao 5 por 100 do capital ou dos dereitos de voto.

No prazo máximo dun mes contado desde a data do seu outorgamento, remitirase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións copia autorizada da escritura de elevación a públicos de tales acordos, cando proceda. En caso de que se deban inscribir tales acordos no Rexistro Mercantil, a copia autorizada da escritura a que se refire este parágrafo remitirase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo dun mes desde a súa inscrición no rexistro.

Calquera modificación dos representantes designados en virtude do disposto no artigo 4.1.f) do regulamento deberá ser comunicada ao Consorcio de Compensación de Seguros.

2. As modificacións da documentación achegada á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, de ser o caso, ao Consorcio de Compensación de Seguros cando se trate dos representantes para a tramitación e liquidación de sinistros a que se refire o artigo 4.1.f) do regulamento, que determinen que a entidade aseguradora deixe de cumprir algún dos requisitos establecidos na lei e no regulamento para o outorgamento da autorización administrativa, darán lugar ao inicio do procedemento administrativo de revogación, sen prexuízo do posible trámite de emenda previsto no artigo 26.3 da lei.»

Tres. O artigo 26 queda redactado do seguinte modo:

«Durante os tres primeiros exercicios, se a actividade da entidade non se axusta ao seu programa de actividades, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá adoptar as medidas oportunas para protexer os intereses dos tomadores, asegurados e beneficiarios de contratos de seguros. Co fin de verificar a súa execución, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá requirir información detallada durante este período.»

Catro. O primeiro parágrafo do número 1, o número 2, o número 4 e o número 7 do artigo 70 quedan redactados do seguinte modo:

«1. A cesión de carteira requirirá autorización do ministro de Economía e Facenda, para o cal se deberá achegar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a seguinte documentación: [...]»

«2. Unha vez presentada a documentación citada xunto coa solicitude de autorización, mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acordarase a apertura do período de información pública e autorizarase a entidade interesada a publicar anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia onde a cedente teña o seu domicilio social, e noutro diario de ámbito nacional, dando a coñecer o proxecto de cesión e advertindo os tomadores do seu dereito a comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, no prazo dun mes desde a última publicación, as razóns que, de ser o caso, puidesen ter para estar descontentos coa cesión. Porén, poderase prescindir desa información pública cando se denegue a autorización por non reunir os requisitos legalmente exixibles para a cesión.»

«4. Unha vez autorizada, a cesión formalizarase en escritura pública, a cal deberá recoller os acordos de cesión, traspaso patrimonial e, de ser o caso, de disolución, e inscribírase no Rexistro Mercantil. Deberase remitir, no prazo máximo dun mes contado desde a data do seu outorgamento, copia autorizada desa escritura á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, así como xustificación da súa inscrición no Rexistro Mercantil no prazo dun mes desde que esta se produza.»

«7. Naqueles supostos en que, de conformidade co artigo 23 da lei, os tomadores de seguro poidan resolver os contratos, deberáselles notificar individualmente tal dereito. O dereito de resolución poderase exercer no prazo dun mes contado desde a publicación no “Boletín Oficial del Estado” da orde ministerial, e terase dereito, ademais, ao reembolso da parte de prima non consumida.»

Cinco. O primeiro parágrafo do número 1, o número 2 e o número 4 do artigo 71 quedan redactados do seguinte modo:

«1. A transformación dunha entidade aseguradora noutra de natureza xurídica ou clase distinta, prevista pola lei, requirirá autorización do ministro de Economía e Facenda, e para este efecto deberase achegar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a seguinte documentación [...]:»

«2. Unha vez presentada a documentación relacionada xunto coa solicitude de autorización, mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acordarase a apertura do período de información pública e autorizarase a entidade a publicar anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia onde teña o seu domicilio social, e noutro xornal de ámbito nacional, dando a coñecer o proxecto de transformación e advertindo os tomadores do seu dereito a comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, no prazo dun mes desde a última publicación, as razóns que, de ser o caso, puidesen ter para estar descontentos coa transformación. Porén, poderase prescindir desa información pública cando se denegue a autorización por non reunir os requisitos legalmente exixibles para a transformación.»

«4. Autorizada a transformación, formalizarase en escritura pública, a cal deberá recoller, ademais de cantas outras mencións resulten preceptivas, o acordo de transformación, as liquidacións efectuadas aos socios, o balance final da entidade que se transforma e as modificacións estatutarias correspondentes, e inscribírase no Rexistro Mercantil.

Deberase remitir, no prazo máximo dun mes contado desde a data do seu outorgamento, copia autorizada desa escritura á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, así como a xustificación da súa inscrición no Rexistro Mercantil no prazo dun mes desde que esta se produza.»

Seis. O primeiro parágrafo do número 1, o número 2, o número 4 e o número 7 do artigo 72 quedan redactados do seguinte modo:

«1. A fusión requirirá autorización do ministro de Economía e Facenda, e para este efecto deberase achegar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a seguinte documentación: [...]:»

«2. Presentada esa documentación xunto coa solicitude de autorización, mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acordarase a apertura do período de información pública e autorizaráselles ás entidades interesadas a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación das provincias onde teñan o seu domicilio social, e noutro xornal de ámbito nacional, dando a coñecer o proxecto de fusión e advertindo os tomadores do seu dereito a comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, no prazo dun mes desde a última publicación, as razóns que, de ser o caso, puidesen ter para estar descontentos coa fusión. Porén, poderase prescindir desa información pública cando se denegue a autorización por non reunir os requisitos legalmente exixibles para a fusión.»

«4. Autorizada a fusión, outorgarase a correspondente escritura pública. No prazo dun mes contado desde a data do seu outorgamento, remitirase copia autorizada desa escritura á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acreditando, así mesmo, a súa inscrición no Rexistro Mercantil no prazo dun mes desde que esta se produza.»

«7. O previsto neste artigo enténdese sen prexuízo do disposto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, en materia de concentracións económicas. En concreto, se a operación de fusión supera os limiares previstos no artigo 8.1.a) ou b) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, os partícipes deberán notificar a operación nos termos previstos no artigo 9 da citada lei, comunicando ao mesmo tempo á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións esta notificación. Consecuentemente, o procedemento previsto neste artigo suspenderase até a terminación do procedemento eventualmente iniciado pola Comisión Nacional da Competencia ou, de ser o caso, até o levantamento da suspensión de acordo co artigo 9.6 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.»

Sete. O número 3, o número 6 e o número 8 do artigo 73 quedan redactados do seguinte modo:

«3. A escisión requirirá a autorización do ministro de Economía e Facenda, e para este efecto deberase achegar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a documentación precisada no artigo 72 deste regulamento.»

«6. Presentada a documentación relacionada xunto coa solicitude de autorización, mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acordarase a apertura do período de información pública e autorizarase a entidade interesada para publicar anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia onde teña o seu domicilio social e noutro diario de ámbito nacional, dando a coñecer o proxecto de escisión e advertindo os tomadores do seu dereito a comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, no prazo dun mes desde a última publicación, as razóns que, de ser o caso, puidesen ter para estar descontentos coa escisión. Non obstante, poderase prescindir desa información pública cando se denegue a autorización por non reunir os requisitos legalmente exixibles para a escisión.»

«8. Autorizada a escisión, formalizarase en escritura pública, a cal deberá recoller, ademais de cantas outras mencións resulten preceptivas, os acordos de escisión, a constitución dunha nova entidade, de ser o caso, o traspaso patrimonial e o balance inicial da nova entidade. Esa escritura pública inscribírase no Rexistro Mercantil.

Deberase remitir, no prazo máximo dun mes contado desde a data do seu outorgamento, copia autorizada desa escritura á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acreditando, así mesmo, a súa inscrición no Rexistro Mercantil no prazo dun mes desde que esta se produza.»

Oito. O título do artigo 87 e a súa alínea 2.b) pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 87. *Documentación que deberán remitir á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións os administradores e os liquidadores.*»

«2. Ademais, os liquidadores da entidade deberán remitir á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, ou aos interventores se a liquidación fose intervida, a seguinte información: [...]

b) Con periodicidade semestral: memoria sobre a marcha da liquidación, as desviacións observadas e as medidas correctoras que se van adoptar. Non obstante, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, ou os interventores se a liquidación fose intervida, poderán requirir esta información trimestralmente.»

Nove. Engádesse un novo artigo 105 bis coa seguinte redacción.

«Artigo 105 bis. *Deber particular de información no caso de seguros de decesos.*

Ademais das obrigas establecidas no artigo 60 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados e no artigo 104 deste regulamento, antes da celebración dun contrato de seguro de decesos en calquera das súas modalidades de cobertura, deberáselle facer entrega ao tomador do seguro dunha nota informativa redactada de forma clara e precisa, co seguinte contido:

1. En función de cal sexa a modalidade do seguro de decesos que se está a ofertar:

a) Identificación da modalidade conforme a seguinte tipificación: a prima nivelada, natural ou seminatural.

b) Definición da modalidade que se está a ofertar, características e método de cálculo da prima inicial.

2. Para calquera das modalidades do seguro de decesos que se está a ofertar:

a) Identificación dos factores de risco obxectivos que hai que considerar na taxa de prima que se aplicará nas sucesivas renovacións da póliza: idade do asegurado, variacións no capital asegurado, evolución nos custos dos servizos funerarios ou outros.

b) Cadro evolutivo estimado das primas comerciais anuais até que o asegurado alcance a idade de noventa anos, elaborado conforme as seguintes especificacións:

1.º Detalle da evolución previsible das primas comerciais anuais a partir da idade do asegurado no momento da contratación da póliza, expresadas en taxas sobre 1.000 euros de capital asegurado inicial.

2.º Detalle da evolución dos capitais asegurados.

c) Información sobre as actualizacións de capitais asegurados e de primas que se aplicarán nas renovacións e prazo previo ao vencemento e forma en que se lle van realizar as comunicacións ao tomador do seguro.

d) Garantías accesorias opcionais á cobertura de decesos que se ofrecen na mesma póliza, con indicación do importe da prima correspondente a cada unha delas cando correspondan a outro sector de seguro.

e) Condicións de resolución do contrato.

f) Supostos de renuncia, por parte da entidade aseguradora, a se opor á renovación da póliza no momento do seu vencemento.

g) Existencia, ou non, do dereito de rehabilitación da póliza e normas polas cales se rexe, de ser o caso.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento de mutualidades de previsión social, aprobado polo Real decreto 1430/2002, do 27 de decembro.*

O número 2 do artigo 13 «Ampliación de actividade e modificación da documentación achegada» do Regulamento de mutualidades de previsión social, aprobado polo Real decreto 1430/2002, do 27 de decembro, queda redactado do seguinte modo:

«2. As modificacións da documentación que servise de base para o outorgamento da autorización administrativa de acceso á actividade aseguradora notificaranse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, remitindo, de ser o caso, certificación íntegra dos acordos dos órganos sociais competentes dentro dos dez días seguintes ao da aprobación da acta correspondente.

No prazo máximo dun mes contado desde a data do seu outorgamento, remitirase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións copia autorizada da escritura de elevación a públicos de tales acordos, cando proceda. En caso de que se deban inscribir tales acordos no Rexistro Mercantil, a copia autorizada da escritura a que

se refire este parágrafo remitirase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo dun mes desde a súa inscrición no rexistro.

As modificacións da documentación achegada que determinen que a entidade aseguradora deixe de cumprir algún dos requisitos establecidos na lei e neste regulamento para o outorgamento da autorización administrativa darán lugar ao inicio do procedemento administrativo de revogación, sen prexuízo do posible trámite de emenda previsto no artigo 26.3 da lei.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

No momento da entrada en vigor deste real decreto quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao que nel se establece.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

As disposicións contidas neste real decreto teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros ditadas ao abeiro do artigo 149.1.11.^a da Constitución, excepto as modificacións dos artigos 70.7, 71, 72 e 73 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado no Consulado Honorario de España en Funchal o 31 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ